

# Índices de comercio polo miúdo

## METODOLOXÍA

---

### 1. Introducción

O Instituto Nacional de Estadística (INE) elabora os Índices de comercio polo miúdo co obxectivo de proporcionar información sobre a evolución a curto prazo da actividade das empresas que operan no comercio minorista en España.

O Instituto Galego de Estatística realiza unha explotación desta operación estatística para ofrecer unha información máis desagregada para Galicia.

A metodoloxía que se detalla a continuación está extraída da metodoloxía difundida polo INE na súa páxina web: <https://www.ine.es/daco/daco43/notaccm21.pdf>

### 2. Obxectivo da investigación

O obxectivo básico da operación é proporcionar indicadores da evolución a curto prazo da actividade das empresas dedicadas ao comercio polo miúdo.

### 3. Ámbito de investigación

#### Ámbito poboacional

O ámbito de estudo desta operación é o conxunto de empresas cuxa actividade principal se inclúe na división 47 da sección G (Comercio) da Clasificación Nacional de Actividades (CNAE 2009).

#### Ámbito xeográfico

Os índices desta estatística para Galicia obtéñense considerando as empresas (ou parte das empresas) que realizan algunha actividade incluída no ámbito poboacional da enquisa na Comunidade Autónoma de Galicia.

## Ámbito temporal

A estatística deséñase con carácter continuo e periodicidade mensual.

Dentro do ámbito temporal, distínguense tres períodos:

- Período base ou de referencia, é aquel no que o índice se fai igual a 100. O período de referencia dos índices é o ano 2021.
- Período de referencia das variables, é o período con cuxos valores se comparan as variables (cifra de negocios e persoal ocupado) do mes de referencia. Por tanto, este é o período que se emprega no cálculo dos índices elementais. O período de referencia varía cada ano e é o mes de decembro do ano inmediatamente anterior ao considerado.
- Período de referencia das ponderacións, varía cada ano e é o mes de decembro do ano inmediatamente anterior ao considerado.

## 4. Definicións

**Cifra de negocios:** comprende os importes facturados pola empresa en concepto de venda de bens e prestación de servizos que son obxecto do tráfico da empresa, tanto no exercicio da súa actividade principal como de calquera actividade secundaria que realice a empresa. Desde o cambio a base 2021 non inclúen os impostos indirectos (IVE).

Contabilízanse en termos netos deducindo as devolucións das vendas, así como os rappels sobre as vendas. Non se deducen os descontos de caixa nin os descontos sobre vendas por pronto pago.

Con fin de clasificar os ingresos por venda polo miúdo os bens obxecto de transacción agrúpanse seguindo unha clasificación acorde co IPC:

- Alimentación, bebidas e tabaco
- Resto de produtos: que comprende as seguintes categorías:
  - Telas, vestido e calzado. Equipo persoal
  - Equipamento do fogar
  - Saúde

- Ocio
- Outros bens

**Persoal ocupado:** É o número total de persoas que traballan na unidade de observación; inclúe tamén propietarios que traballan na unidade, socios traballadores e emprego familiar non retribuído.

**Local dedicado á venda:** Todo recinto accesible ao público, estruturalmente separado e independente, no que se realizan o poden realizarse actividades de comercio (vendas), dependente dunha empresa e no que traballan unha ou máis persoas de dita empresa.

**Comercio electrónico:** As vendas por comercio electrónico, vía web ou aplicacións móbiles son aquelas que se realizan a través de internet; hai que ter en conta que o pago ou a entrega do produto poder realizarse tanto por vía on-line como por calquera canal off-line.

**Estacións de servizo:** son aquelas empresa que teñen como actividade principal a venda de combustibles para a automoción.

**Comercio especializado:** é o realizado polas empresas nas que o valor engadido ou no seu defecto o volume de facturación dun solo tipo de produto, considerando como tal aos que están incluídos nunha sola clase da CNAE-2009, é superior ao 50% e o realizado polas empresas que comercializan menos de cinco tipos de produtos cuxo valor engadido (ou facturación) supoña polo menos o 5% dos ingresos totais por vendas polo miúdo, considerando que a súa actividade principal é a correspondente ao produto de maior valor engadido (ou facturación).

**Comercio non especializado:** é o realizado polas empresas que vendan cinco ou máis produtos, considerando do mesmo tipo de produtos incluídos nunha sola clase da CNAE-2009, cuxo valor engadido ou no seu defecto volume de facturación supoña polo menos o 5% dos ingresos totais por vendas polo miúdo pero ningún deles con valor engadido (ou facturación) superior ao 50%.

**Gran superficie:** todo establecemento que ten unha superficie de venda ou exposición superior ou igual a 2.500 metros cadrados.

**Gran cadea:** toda empresa que conta con 25 locais ou máis e ten 50 ou máis asalariados.

**Pequena cadea:** toda empresa de máis dun local agás as que teñen 25 locais ou máis e 50 ou máis asalariados.

**Empresas unilocalizadas:** aquelas empresas que realizan a súa actividade comercial nun único local.

## **5. Unidades de análise e mostraxe**

### **Unidade de análise**

As unidades de análise son as empresas que teñen como actividade económica principal a prestación dalgún dos servizos incluídos no ámbito poboacional. Para a Comunidade Autónoma de Galicia considérase a empresa ou a unidade estatística que realiza a devandita actividade en Galicia.

### **Unidade de mostraxe**

A unidade de mostraxe é a empresa.

## **6. Deseño metodolóxico**

### **Marco**

O marco da enquisa é o Directorio Central de Empresas (DIRCE) elaborado polo INE e que contén información sobre a actividade económica principal e sobre o número de asalariados das empresas.

### **Tipo de mostraxe**

A selección de unidades de mostraxe realízase mediante mostraxe aleatorio estratificado. En cada estrato obtense una mostra aleatoria, agás o formado polas empresas de 50 ou máis asalariados, que entran todas a formar parte da mostra así como as empresas cunha facturación anual elevada. Nalgunhas comunidades autónomas tamén son exhaustivos estratos de menor tamaño por ter moi pouca poboación, non é o caso de Galicia. Para o cálculo do tamaño mostral aplícase unha afixación óptima.

As variables de estratificación son a comunidade autónoma, os grupos de actividade económica principal e o tamaño das empresas. Os grupos de actividade correspóndese cos códigos da CNAE-2009 seguintes: 4711, 4719, 472, 473, 474, 475, 475, 477, 478, 4791 e 4792.

As empresas agrúpanse en catro estratos segundo o tamaño: de 0 a 2 asalariados, de 3 a 9 asalariados, de 10 a 49 asalariados e de 50 ou máis asalariados.

Os tamaños mostrais calcúlanse para poder dar indicadores das variables cifra de negocios e emprego das seguintes poboacións:

- A nivel nacional: por grupos de actividade.
- A nivel de comunidade autónoma:
  - comercio non especializado (4711+4719) e resto de grupos.
  - alimentación (4711+472) e resto de grupos.

Para evitar o cansazo dos informantes e reflectir os cambios na poboación de empresas de comercio polo miúdo, permitindo a selección de empresas de nova creación, realízase unha renovación da mostra cada ano no mes de xaneiro. Nesta renovación anual, realízase unha rotación de entre un 20 e 25% das unidades da mostra nos estratos que non sexan exhaustivos.

## **7. Recollida e tratamento da información**

O INE recolle a información mediante enquisas mensuais ás empresas do sector.

### **Cálculo dos índices de cifra de negocios e de persoal ocupado<sup>1</sup>.**

Os índices de comercio polo miúdo calcúlanse segundo un índice de Laspeyres encadeado con base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices pódense calcular por produto ou por actividade, aínda que só son representativos por produto.

Os índices por produto desagregaranse en Alimentación e Resto de bens. Os índices por modo de distribución (Gran cadea, pequena cadea, empresas unilocalizadas, comercio electrónico e grandes superficies) calcúlanse como índices por produto incluíndo a facturación das empresas que cumpran os requisitos para integrarse nun modo de distribución.

Os índices poden desagregarse por actividade segundo a CNAE, incluíndo dentro desta clasificación grupos especiais de cálculo. Estes índices non son representativos por comunidade autónoma.

---

<sup>1</sup> Pódese atopar máis información en <http://www.ine.es>

Para obter os índices que se encadean e se publican, primeiro débense calcular os índices denominados non publicables.

#### Índices elementais

Constrúense índices elementais (non publicables) por produtos das dezasete comunidades autónomas (A) e das dúas cidades autónomas e dos cinco modos de distribución referenciados ao mes de decembro do ano anterior:

$${}_{dic(t-1)} I_A^{mt, NP} = \frac{F_A^{mt}}{F_A^{dic(t-1)}} \times 100$$

onde  $F_A^{mt}$  y  $F_A^{dic(t-1)}$  son as facturacións (ou cifra de negocios) elevadas da actividade A no mes m do ano t e no mes de decembro do ano t-1, respectivamente e calculáronse co mesmo conxunto de empresas (logo de realizar a rotación).

#### Índices agregados

Unha vez calculados os índices elementais obtéñense os índices agregados como sumas ponderadas dos índices elementais.

As ponderacións que interveñen no cálculo obtéñense directamente dos datos da propia enquisa. O período de referencia varía cada ano e é o mes de decembro do ano inmediatamente anterior ao considerado. Calcúlanse empregando a mostra rotada.

Os índices agregados dun grupo de actividades S constrúense como agregación dos índices elementais das actividades pertencentes ao devandito grupo coas ponderacións de decembro do ano anterior.

$${}_{dic(t-1)} I_S^{mt, NP} = \sum_{\forall A \in S} {}_{dic(t-1)} I_A^{mt, NP} \times {}_{dic(t-1)} W_A$$

onde  ${}_{dic(t-1)} I_A^{mt, NP}$  é o índice elemental non publicable, referido a decembro de t-1, da actividade A no mes m do ano t.

${}_{dic(t-1)} W_A$  é a ponderación, referida a decembro de t-1, da actividade A, dentro do grupo S.

Unha vez calculados os índices agregados non publicables é necesario encadealos. Para un sector de actividade S, o índice en base 2021 calcúlase como

$${}_{21}I_S^{mt,P} = {}_{21}I_S^{dic(t-1),P} * {}_{dic(t-1)}I_S^{mt,NP} / 100$$

onde  ${}_{21}I_S^{dic(t-1),P}$  é o índice publicable, referido ao ano 2021, da actividade S no mes de decembro do ano t-1.

${}_{dic(t-1)}I_S^{mt,NP}$  é o índice non publicable, referido a decembro do ano t-1, da actividade S, no mes m do ano t.

Os índices de persoal ocupado calcúlanse da mesma forma.

#### Enlace de series

O primeiro mes de referencia para o que se publican os índices na base 2021 é xaneiro de 2024. Neste cambio recalculáanse os índices dos anos 2021, 2022 e 2023 pola actualización da mostra e enlázanse as series ata atrás para dispoñer dunha serie completa.

Ata decembro de 2021 enlázanse as series de índices de base 2015 a base 2021 multiplicando as series publicadas en base 2015 polo coeficiente de enlace estrutural. Utilízase o enlace estrutural que fai que a media do ano 2021 sexa 100.

$$\text{Coeficiente de enlace} = \frac{1200}{\sum_{m=1}^{12} {}_{15}I_m^{2021}}$$

sendo  ${}_{15}I_m^{2021}$  o índice do mes m do ano 2021 en base 2015.

#### Índices corrixidos de efecto prezo

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas dos sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as devanditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices por comunidade autónoma son:

Índice xeral de comercio polo miúdo : IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, nin outros vehículos, nin repostos e accesorios para mantemento.

Índice xeral sen estación de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, nin outros vehículos, nin repostos e accesorios para mantemento, nin distribución de auga, nin electricidade, nin gas.

Índice de Alimentación: Grupo especial 26. Alimentos, bebidas y tabaco sen IVE.

Índice de Resto: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, nin outros vehículos, nin repostos e accesorios para mantemento, nin distribución de auga, nin electricidade, nin gas, nin alimentos, nin bebida, nin tabaco.

## **8. Difusión de resultados**

Mensualmente o IGE publica na súa páxina Web, para Galicia e España, o índice de cifra de negocios e o índice de persoal ocupado.

Os índices de cifra de negocios publícanse a prezos correntes e a prezos constantes coa seguinte desagregación:

- Xeral
- Xeral sen estacións de servizo
- Alimentación
- Resto

De persoal ocupado publícase o índice xeral e o índice xeral sen estacións de servizo.